



NOME: BLANCA GIL NÉCEGA

DNI:

ACTIVIDADE PÚBLICA: CELADORA-GARDAPEIRAOS, LABORAL INTERINA, CON DESTINO NO ENTE PÚBLICO “PORTOS DE GALICIA” EN BURELA (LUGO), DEPENDENTE DA CONSELLERÍA DO MAR

ACTIVIDADE PRIVADA: CAMAREIRA, POR CONTA ALLEA, EN “OLLOMOL, E.S.P.J.” EN BURELA, DO 1 DE XULLO AO 27 DE AGOSTO DE 2023

Visto o expediente instruído como consecuencia da solicitude de recoñecemento de compatibilidade formulada nos termos arriba expresados, tramitado o mesmo de conformidade co artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e de acordo co informe favorable do ente público Portos de Galicia.

A interesada solicitou a compatibilidade para realizar a actividade privada no período comprendido entre o 1 de xullo e o 27 de agosto de 2023.

De acordo co certificado de retribucións obrante no expediente, o concepto equiparable ao complemento específico que percibe a interesada non supera o 30 % das súas retribucións básicas excluídos os trienios.

Esta Dirección Xeral da Función Pública, en uso da competencia delegada polo conselleiro de Facenda en virtude da Orde do 8 de xaneiro de 2020 (DOG nº 16, do 24/01/2020), no seu artigo 3.d), resolve **RECOÑECER** a compatibilidade solicitada, sempre que se cumpra co disposto nos artigos 1.3, 11.1 e 12 da Lei 53/84 do 26 de decembro.

O presente recoñecemento queda vinculado ao estrito cumprimento dos seus deberes e obrigas no desenvolvemento da súa actividade pública, en especial do seu horario, quedando sometido ás limitacións horarias impostas polo artigo 12.2 da Lei 53/84 no que á actividade privada se refire, isto é, non pode superar as 18 horas e media semanais, e queda supeditado o horario da actividade privada ao horario que desenvolve na súa actividade pública.

Esta concesión perderá toda validez no caso de que se modifiquen as circunstancias polas que se outorgou ou se vulnere o disposto no artigo 12 da Lei 53/84 e, en todo caso, queda sen efecto o 27 de agosto de 2023.





Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o conselleiro de Facenda e Administración Pública, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou, directamente, o recurso contencioso- administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, perante, a elección do demandante, o Xulgado do Contencioso- administrativo da circunscrición na que teña aquel o seu enderezo ou o de Santiago de Compostela, conforme aos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director xeral da Función Pública
Data e hora: 23/06/2023 13:20:15

CVE: 5kymAwXG2PB9
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Dirección Xeral de Función Pública
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion publica@xunta.gal